

Proxecto de investigación Cultivo de organismos

Unha das primeiras observacións realizadas polos científicos cos microscopios foi a dunha gota de auga. Imos analizar que podían ver dependendo das condicións do cultivo.

1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Temos microscopios nos institutos polo que debemos preocuparnos polas condicións de cultivo: temperatura, humidade...

2. Buscamos información.

As variables máis sinxelas de controlar son a salinidade da auga e a temperatura polo que debemos buscar información para saber como inflúen no crecemento de organismos.

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

O tipo de organismos que medra en cada medio será distinto xa que cada organismo ten o seu biotopo.

4. Realizamos un deseño de investigación. (os nutrientes e a luz deben ser iguais en todas as mostras)

Colleremos mostras de:

- a) Auga salgada e deixaremos un tempo a mostra a temperatura ambiente.
- b) Auga salgada e deixaremos un tempo a mostra nunha neveira.
- c) Auga salgada e a mesturaremos con auga doce. Deixaremos un tempo a mostra a temperatura ambiente.
- d) Auga salgada e a mesturaremos con auga doce. Deixaremos un tempo a mostra na neveira.
- e) Auga doce e deixaremos un tempo a mostra a temperatura ambiente.
- f) Auga doce e deixaremos un tempo a mostra nunha neveira.
- g) Auga doce e a mesturaremos con auga salgada. Deixaremos un tempo a mostra a temperatura ambiente.
- h) Auga doce e a mesturaremos con auga salgada. Deixaremos un tempo a mostra na neveira.

5. Resultados da nosa investigación.

Analizaremos os datos mirando todas as mostras ao microscopio e comparando os resultados para confirmar ou non a nosa hipótese de traballo.

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (tes máis información no apartado do método experimental)

7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.



Jeroen Rouwkema, [Replica of microscope by Leeuwenhoek](#),
[CC-BY-SA 3.0](#)

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.